

## **ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACOMPAÑAMENTO A TRANSPORTES ESPECIAIS POLA POLICÍA LOCAL**

### **Artigo 1.- Fundamento e natureza**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa polo servizo de acompañamento a transportes especiais pola Policía Local a que se refire o artigo 20.4 g) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, e que se rexerá pola presente ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 da citada norma legal.

### **Artigo 2.- Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos especiais de competencia municipal, por instancia de parte:

a) Condución, vixiancia e acompañamento de transportes pesados, grandes transportes e caravanas a través das vías públicas do municipio.

b) Calquera outro servizo análogo aos anteriores que sexa motivado por actividades que esixan a súa prestación.

2. Entenderase prestado por instancia de parte os referidos servizos cando estes fosen provocados polo suxeito pasivo ou redunden no seu beneficio, aínda que non o solicítase de modo expreso.

### **Artigo 3.- Obrigados tributarios**

1. Son obrigados tributarios en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan:

a) Titulares da empresa que realice os servizos de transporte ou, de non estar os vehículos afectos a unha actividade empresarial, os seus propietarios.

b) Peticionarios dos demais servizos especiais e quen os provoque ou resulte beneficiario deles, aínda que non os solicite.

2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que se sinala no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 4.- Cota tributaria e tarifas**

1. A cota tributaria determinarase en función do tempo invertido e dos medios empregados na prestación do servizo

2. O tempo de prestación efectiva do servizo computarase tomando como momento inicial o de saída dos efectivos dos seus respectivos acuartelamentos e como final o de entrada dos mesmos, unha vez concluído o servizo.

3. Aplicarase a seguinte tarifa:

Por cada hora ou fracción de prestación de servizo tipo (un vehículo e dous policías )	90,00 €
--	---------

## **Artigo 5.- Beneficios fiscais**

Non serán aplicables outros beneficios fiscais mais que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

## **Artigo 6.- Devengo da taxa**

Xérase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicie a prestación do servizo. Cando se actúa a petición de parte, enténdese iniciada a prestación cando se resolve positivamente a solicitude do interesado.

## **Artigo 7.- Normas de xestión**

1.Os suxeitos pasivos que motiven a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza presentarán un escrito dirixido á Alcaldía determinando o día, hora e o lugar no que debe ser prestado o servizo, o seu contido e a súa duración prevista. A petición deberá formularse cunha antelación mínima de dez días, agás nos casos de urxencia debidamente motivada, que poderá ser con un ou dous días de antelación.

2.No momento de formular a solicitude, o contribuínte procederá a autoliquidar e ingresar a cota correspondente en concepto de depósito previo, conforme ao previsto no artigo 27 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.A solicitude será resolta polo órgano competente dando conta ao interesado e ao servizo da policía local. Se se denegara a súa prestación devolverase o depósito constituído, e se se concedera aprobarase a liquidación provisional.

4. Unha vez prestado o servizo, pola Xefatura do Servizo de Policía Local darase conta do seu cumprimento, duración e contido do mesmo, practicándose, no seu caso, a liquidación que corresponda polo exceso no servizo.

5. No suposto do artigo 2.2, a liquidación será aprobada polo órgano competente previo informe da Policía Local, no que se farán constar todas as circunstancias do caso. Esta liquidación será notificada para o seu ingreso directo unha vez que se teña prestado o servizo, e o seu pago realizarase nos prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.

6.A renuncia á petición, unha vez iniciada a prestación do servizo, ou a menor duración de este sobre o solicitado e concedido non dará lugar a ningunha devolución.

7. En todo caso, o acordo de prestación do servizo quedará supeditado á prioritaria atención dos servizos de vixilancia xeral.

## **Artigo 8.- Infraccións e sancións**

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto aos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Xeral de Xestión do Concello.

## **Disposición Final**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no B.O.P. e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2020, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.